

# ENTREVISTA CO PROF. RÍO BARJA

por SALVADOR LORENZANA



Perfil.

Francisco Río Barja é un prestixioso valor mozo, con aeusada personalidade no campo da disciplina en que se ten especializado, Profesa Xeografía na Escola Normal de Mestres compostelá, e na Facultade de Letras comp Adxunto da cátedra de Otero Pedrayo. Posie á súa condición de especialista, non é un profesor de cultura glacial e inapelábre. Pol-a contra, é un dos profesores máis humáns e xov'xes, máis viventes que quenpa imaxinar. Ten sabido levar alegría á súa cencia, e tenciona arrinicala de calisquer camiño de mudez.

O catedrático compostelán é un home sinxelo e xeneroso, que resfuga todo vistume de pedantería. Pero é, tamén, un intelecto rígoroso que percura a verdade o a esprica con precisión. Fanático da cencia xeográfica que cultiva, e dotado dunha nísia e lóxica mentalidade, anda a traballar tozudamente no empeño de apriectar os

seus moitos conocementos ó estudo do país natal.

Río Barja ten unha conversa natural, inesgotábre, sobre todo cando o tema xira arredor das súas aficiós. Intrásalle tanto a Galicia se refire, e por todo o galego se preocupa.

Belaísi agora a ristra de preguntas que lle imos fagendo, e as respostas que pra cada unha nos dá:

—*Qué é Galicia, xeográficamente considerada?*

—Galicia é unha rexión perfeitalemente definida, que acusa verdadeira orixinalidade no mapa xeográfico de España. Si xeolóxicamente non é máis que unha prolongación da Meseta Central, no espazo xeográfico foise definindo, e simulando unha peculiar pesonalidade; dende o seu desgazamento da Meseta. A formación das súas rías, a diferenciación do seu clima e pol-o mesmo a súa xeomorfoloxía, a súa flora vexetal, etc., danlle unha peculiaridade orixinal, rexamente diferenciada das demáis rexións españolas.

—*No orde histórico, ¿cáles son os principais estudos xeográficos qués se teñen feito sobre o noso país?*

—En térmos xerás, Galicia é un país que non conta con bós e modernos estudos xeográficos. Moitos dos seus más importantes aspectos, case non teñen sido tratados. A pesares diso, a adicación a pequenos estudos monográficos va cobrando o meirande interese. Así o proban os dous milleiros de fichas que, pra unha Bibliografía xeográfica de Galicia, levo recollido.

Con carácter xeográfico —tal e como se entende hoxe ista cencia— non existe, no orde histórico ningunha definitiva publicación. Nembargante, no eido das cencias auxiliares se non poden esquecer: a laboura petrográfica de Schultz; a do P. Merino no ámbito da flora; a decisiva obra cartográfica de

Domingo Fontán. No campo das actividades económicas, os traballos de Cornide, Labrada e Díaz de Rábago. A todos iles podería axuntarse a serie de traballos inéditos, esquecidos no Arquivo Histórico Español, que están a agardar unha meirande atención dos estudiosos galegos.

—*Qué representa no mundo da cultura galega, o estudo da xeografía?*

—O conocemento da realidade viva da nosa terra. Non podemos falar de cultura galega, si deixamos a unha beira istos estudos. A Xeografía amosta, non sólo a realidade actual, a que xurde dun simple corte no devir, sinón a que está condicionada por un principio fundamental: A Atividade.

A Xeografía dímos como foi Galicia, como viviron os seus homes; insinuamos como se ten desenvolado dende os nosos días, e cal foi o ritmo diste desenvolvemento; e, por riba de todo, o que é máis importante, proiéitanos cara o porysu, amosando os seus incoñentos e as súas posibilidades.

—*Existe, entre nos, unha verdadeira investigación no campo dista especialidade?*

—No eido puramente xeográfico, non. Faltan verdadeiras vocacións, xa que istas non atopan terreo axeitado pra se manifestar: sexa por dificultades de orde económico, pois tal tipo de traballos, por se realizaren no agrado, esixen gastos que non todos poden faguer; sexa pol-a falla de revistas adicadas ós temas do país, que espierten a cobiza dises estudos; ou ben, pol-a dificultade de acadar a totalidade dos datos necesarios, case sempre gardados como segredo de empresa por moitas bariles sociedades.

—*Cal é o labor que debe de se imponer a moderna cencia xeográfica?*

—O verdadeiro cerne da moderna cencia xeográfica, está no estudo global, sintético, e artellador da Xeografía Rexional. E isto o

ouxectivo que debemos conquerir. Os estudos monográficos de algunas das súas partes (xeoloxía, attivitàs económicas, xeografía urbana...) constituyen, é certo, urxentes escuelas pra un millor coñecemento da terra galega; pero soio faremos cencia xeográfica, co anejo sintetizador de coñecer, en conxunto, toda a complexa unidade do país.

Pra chegar a ista meta, eceáis seña o millor camiño o folgado estudo de todal-as Comarcas Naturás; ou, cando menos, o de aquelas más sobresalentes na rexión. Noutro caso, xa que estas comarcas dependen de diferentes divisións administrativas —é daquela a recollida da totalidade dos datos oficiais faise pouco doada— poden escollerse como unidades de estudo os Concellos; fagendo, oraro está, eixo do intrés investigador a aquél que tipifiqua á comarca. Pra aboa realización distes traballos, teño feito un inquérito que serviu xa de guieiro nos estudos económicos presentados, como traballos de Licenciatura, na Universidade de Santiago.

—*¿Cáles son os máis caracterizados xeógrafos gallegos do momento?*

—No campos dos probremas esencialmente xeográficos é, sin dúbida algúnhha, Dón Ramón Otero Pedrayo a figura máis esgrevia. Nas cencias colaboradoras da Xeografía, ten moito intrés a laboura de Isidro Parga Pondal no eido xeolóxico; e a da Escola de Etnógrafos e Folkloristas, con Risco, Bouza-Brey, e outros.

—*¿Contamos con monografías Xeográfico-Económicas sobre os nosos produtos básicos?*

—Hai, desde logo, intentos que non debemos esquecer. Pero, en xeral, a falla de bons monografias de conxunto encol dos productos fundamentais da nosa economía, é unha das primeiras razós do descoñecemento actual da realidade galega. Compre emprincipiar isto tipo de estudos, pra saber as posibilidades e desenvolvo de aquela.

—*De qué meios habería que botar man pra realizar con eficacia ista era de traballos?*

—O traballo individual non é dabondo; é preciso desenvolvar un verdadeiro labor de equipos, no que poidan entrar representantes

de moitas especialidás: xeólogos, edafólogos, economistas, etnógrafos...; e hai que fáquer un plan de estudos pra abordar tales traballos, xa polo procedemento das bisbarras naturás, ou polo de monografias de carácter rexional.

A edición dunha revista xeográfica, fíco-económica, sería o meio máis axeitado pra levar a cabo ista empresa. Con todo, se non debo esquecer —como dixen denantes— que as dificultades económicas constituirían un entorpecemento pra a realization do plan. Si se conquerira a axuda das Diputacións e dos Concellos —como ocorre en Zaragoza, Pamplona, Barcelona, etc.—, ou a da Galicia do alén-mar, poderíanser outre as solucions axeitadas.

—*Os factores naturais da vida humá, as actividades económicas e os feitos sociás, son cuestiós sustantivas no ámbito da especialidade xeográfica?*

—A vida humá, na súa plena totalidade, é o eixo radical da Xeografía. As actividades económicas non son, xa que logo, outra cosa que aspectos da loita dos grupos humanos por conquerir do medio xeográfico, as materias con que abástan as súas necesidades vitás. Os feitos sociás son, asimade, feitos xeográficos; semella natural que o home entre o seu interés na relación cos demás homes e os actos de conxión dun grupo humano con outro; son ouxeto de atención pol-a xeografía.

Se non trata de intrromisión da cencia xeográfica en eidos alleos. Pra o sociólogo, o ouxectivo está na sociedade; pra o xeógrafo, na terra. Pero a orixinalidade xeográfica afincase no propósito de abranguer i esprecar, nunha síntese final, os resultados das múltiples relacions ou "interferencias" de todas asas cencias.

Cabo.

Ate eiquí, as opiniós do Prof. Río Barja. O noso interlocutor é dises amigos con quienes os relaxos do falar perden as minuteiras. Está no polo oposto da amistade que exixen s'lencios, porque nles se atopa inxerida a cabal, sómoda comprensión dos probremas. Con si existe un continuo troque de ideas, e un desasentimento xeneroso pra dar o millor e máis sentido do seu pensamento.

## TEATRO POPULAR GALLEGO

(viene de la páx. 3)

un librepensador. Los personajes más importantes son aquellos que se aman, tres que aman a una mujer, más, a uno de ellos, el fantasma se le convierte en realidad. La otra obra es un acto, es del mismo Eduardo Blanco Amor, "O cantar das cantares". En ella el diálogo alcanza en su primera parte una categoría popular tan notable como en las obras gallego-portuguesas del siglo XV. El diálogo de las dos mujeres es espléndido, y en su segunda parte —es inevitable hablar de los partes en esta obra de un acto—, se impone el desarrollo del conflicto espiritual que plantea la obra, su tesis de lucha entre el mundo aletargado, reaccionario, que muere, pero que muere matando, y el mundo nuevo representado por una pareja de jóvenes enamorados que se enfrenta a aquél. El humor y las frases satíricas hacen reír al público, mas la risa que provocan no hacen olvidar la tragedia que se esconde en cualquier ciudad o aldea gallega del año 1952. En las dos obras los actores cumplen con su cometido, entre ellos hay actores con conocimiento de oficio logrado. A la sa de Tacholas en el teatro gallego y a su talento de actor se le debe mucho, y pocas características del teatro profesional en Buenos Aires pueden representar la variedad de matices de Pepita Arias. Más a todos ellos somos deudores de este primer éxito del Teatro Popular Gallego. A todos ellos, a Faustino Blanco, Alfonso Costela, Antonio Cuhila, Antonio Fernández, Nacha del Río, María del Carmen Pose, Xerminal Filgueira y Alejandro Varandela, y naturalmente a Eduardo Blanco Amor, su director. Hubiésemos querido vivos y en Buenos Aires en el día del estreno a Cotarelo y a Antón Villar Ponte, que tanto desearon un posible teatro de Galicia. Verán además de la puesta en escena de esos obras un público considerable, reaccionando frente al humor de las situaciones, subrayando con el aplauso el acierto de un gesto del actor o de un parlamento bien dicho. La palabra gallega sié palabria viva, se mostró una vez más que el idioma que se resiste de la falta de un cultivo oficial en las escuelas y en las academias, continúa siendo la expresión de la conciencia colectiva de Galicia, de la realidad humana de los gallegos. El Teatro Popular Gallego tuvo el acierto de mostrarnos con su presencia en una noche tres afirmaciones: la existencia de un teatro gallego con humor, mundo y características propias, algo que sabíamos y que últimamente había probado Rafael Dieste en una conferencia magnífica; la existencia potencial de una posible gran escena gallega, y la comunidad real del idioma, algo que también sabíamos pero que continúan desconociendo los políticos centralistas. Esas tres afirmaciones se las debemos en este caso en Buenos Aires a Eduardo Blanco Amor y a los actores que le acompañan en el Teatro Popular Gallego, en una obra patriótica más importante que un milán.